



# Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CERVO E O CLUB DEPORTIVO SAN CIPRIAN.

Cervo a 1 de agosto de 2019

De unha parte, Eduardo Rubal García con DNI 76571151B, en calidade de presidente do CD San Ciprián.

De outra parte, Alfonso Villares Bermúdez, en calidade de alcalde do concello de Cervo, que actúa en nome e representación do mesmo en virtude das competencias recoñecidas polo artigo 21 da Lei reguladora de bases de réxime local.

### EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que o concello de Cervo, en exercicio das súas competencias recollidas nos artigos 25 e 28 da Lei reguladora das bases de réxime local, está interesado en promover e colaborar cos gastos para a competición na tempada de fútbol 2017/2018.

SEGUNDO: Que o CD San Ciprián como participante na dita competición, solicitou do concello unha axuda económica para sufragar os gastos derivados da mesma.

En base ó anteriormente exposto, o concello de Cervo e o CD San Ciprián asinan o presente convenio de colaboración coas seguintes

### CLAUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración económica entre o concello de Cervo e o CD San Ciprián para a competición na tempada de fútbol 2018/2019.

Segunda.- O concello de Cervo aportará, en concepto de subvención nominativa, a cantidade de 19.000 € con cargo á partida 340.4890001 ó CD San Ciprián, para a participación na tempada futbolística 2018/2019.

Terceira.- O CD San Ciprián, comprométese a xustificar os gastos subvencionados mediante as correspondentes facturas orixinais ou copias compulsadas ata un importe do total do subvencionado no prazo máximo de 3 meses dende a



# Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

notificación da concesión da subvención, así como a someterse ás actuacións de comprobación que poida acordar, no seu caso o órgano competente, e comunicar ó concello a concesión de outras axudas que financien as actividades subvencionadas  
Cuarta.- O pagamento da subvención realizarase previa xustificación dos gastos de acordo co establecido na cláusula terceira.

Quinta.- Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo
- A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos previstos no presente convenio
- A falta de xustificación da subvención concedida.

En proba de conformidade cos termos do convenio ámbalas partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.



O alcalde

Alfonso Villares Bermúdez

O presidente do CD San Ciprián

Eduardo Rubal García